



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº 3/2018

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

M^a Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:

*M^a Esmeralda Mouriz Fernández
Antonio José López-Acuña Herrero
Miguel Ángel Cela González*

SECRETARIA:

Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día **11 de xaneiro de 2021**, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala Muralla, da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 3/2018 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **MARCO**, no concello de **LUGO**, iniciado por acordo do xurado do 8.11.2018, sendo vogal instrutor Miguel Ángel Cela González, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Na sesión do 8.11.2018 iníciase o expediente 3/2018, a instancia de José Gayoso Varela, en representación dos veciños da parroquia do Burgo. Na mesma sesión, o vogal Carlos Vázquez Díaz é designado instrutor do expediente, que acepta o cargo o 19.11.2018.

SEGUNDO: O día 27.6.2019 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, unha certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

TERCEIRO: O día 28.6.2019 o Servizo de Montes emite certificación na que consta que o monte Penas (ampliación) non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

CUARTO: O día 28.6.2019 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Lugo**:

Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.

Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: O día 4.9.2019 ten entrada un certificado a rexistradora da propiedade no que indica que a parcela obxecto de clasificación non figura inscrita nos libros do rexistro a favor de ningunha persoa ou entidade.

SEXTO: O día 5.11.2019 notificaselle ao solicitante, José Gayoso Varela, o acordo do xurado do 29-10-2019, polo que se amplía o prazo de resolución por un ano máis e se nomea a Miguel Ángel Cela González como novo instrutor do expediente, quen acepta o cargo o 31.10.2019.

SÉTIMO: O día 13.12.2019 comunicaselle a iniciación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con indicación do prazo para presentar alegacións.



OITAVO: O día 13.12.2019 comunicaselle á Xerencia Territorial do Catastro a iniciación do expediente coa identificación das referencias catastrais obxecto da clasificación.

NOVENO: O día 13.12.2019 envíaselle unha comunicación ao Concello de Lugo da a iniciación do expediente e remíteselle un edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello e nos lugares de costume da parroquia na que radique a comunidade.

DÉCIMO: O día 16.12.2019 comunicase a iniciación do expediente ao solicitante, José Gayoso Varela, con indicación do prazo para presentar alegacións.

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 16.12.2019 comunicase a iniciación do expediente ao Rexistro da Propiedade nº 1 de Lugo e solicítase a **anotación preventiva**.

DÉCIMO SEGUNDO: O 16.1.2020 sae publicado o anuncio no DOG, mediante o que se fai público o inicio do expediente de clasificación do monte **MARCO** así como a apertura dun prazo para presentar alegacións.

DÉCIMO TERCEIRO: O día 23.1.2020 ten entrada un escrito do Rexistro da Propiedade nº 1 de Lugo da suspensión da anotación preventiva solicitada.

DÉCIMO CUARTO: O día 23.1.2020 ten entrada a xustificación da exposición do anuncio no taboleiro do concello de Lugo dende o 19.12.2019 ao 20.1.2020.

DÉCIMO QUINTO: O día 15.1.2020 tivo entrada un escrito da Área de Gobernanza Municipal do concello de Lugo no que expón as seguintes alegacións:

- Que segundo o departamento de medio Rural do concello de Lugo, as parcelas con referencia catastral 27900A194000430000SL e 27900A194000920000SE son de titularidade pública e pertence ao concello de Lugo e, segundo a Lei de Bases do Réxime Local, poden ser aproveitadas polo común dos veciños.
- Que é competencia da Xunta de Goberno Local a xestión do patrimonio.
- Que as citadas parcelas deben seguir coa consideración de bens comunais con titularidade do concello de Lugo

DÉCIMO SEXTO: O día 18.2.2020 envíaselle unha copia das alegacións ao solicitante, José Gayoso Varela, para que poda formular as xustificacións que considera oportunas.

DÉCIMO SÉTIMO: O día 5.3.2020 ten entrada un escrito de José Gayoso Varela relativo ás alegacións presentadas polo concello de Lugo. Expón o seguinte:

- Que non se pode entender que son parcelas de titularidade municipal ao non figurar o CIF nin o enderezo do concello na titularidade catastral
- De acordo coa xurisprudencia que hai sobre a pertenza dos MVMC, a vinculación do monte co concello ven derivada dun intervencionismo administrativo en orde á regulación do aproveitamento interveciñal, pero a titularidade correspondente aos veciños dos lugares onde radica o monte.
- Que as parcelas alegadas polo Concello de Lugo non figura no Inventario de Bens Municipais
- Que os veciños do Burgo pagan anualmente o IBI (Imposto de Bens Inmóbiles) das ditas parcelas.



DÉCIMO OITAVO: o 13.3.2020 enviásele ao alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia do Burgo unha notificación relativa ao dereito de elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte BURGO.

DÉCIMO NOVENO: O día 1.7.2020 recíbese unha comunicación coa identificación dos vogais representantes que asistirán á reunión do xurado correspondente.

VIXÉSIMO: O presente procedemento quedou suspendido coa aprobación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que na súa disposición adicional terceira estableceu con carácter xeral a suspensión dos prazos administrativos.

A dita suspensión foi levantada pola Resolución de 20.5.2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, que no punto 10º derroga a disposición anterior e establece a reanudación dos prazos o 1.6.2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
3. Examinada a documentación do presente expediente, e tendo en conta as alegacións presentadas, realízanse as seguintes consideracións:

Pese á manifestación do concello polo mero feito de estaren catastrados como comunais as parcelas, non parece responder á unha propiedade comunal e, como mostra, está que os usos do terreo non foron nunca exercidos polo municipio, nen este demostrou que regulou os mesmos por parte dos veciños. Todo iso indica e fortalece a idea de que estas propiedades poden pertencer aos veciños como ben común e, consecuentemente, ter a consideración de monte veciñal en man común. O que se ve reforzado pola diversa xurisprudencia sobre a función tuitiva das entidades locais respecto dos montes veciñais. Remitímonos ás argumentacións detalladas na proposta de resolución.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**


CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome:	Marco
Pertenza:	Veciños da parroquia do Burgo
Parroquia:	O Burgo
Concello:	Lugo
Superficie:	6,60 hectáreas




Parcelas clasificadas e estremas:

Parcela obxecto de clasificación	Lindeiro	Parcela estremera
27900A19400043	Norte	27900G50200134 27900G50200133 27900G50200132 27900A19400050 27900A19400051 27900A19400060 27900A19400061 27900A19400062 27900A19400063 27900A19400064 27900A19400065 27900A19400066 27900A19400067 27900A19400068 27900A19400069 27900A19400070
	Leste	27900A19400092
	Sur	27023A08100100 (Guntín) 27023A08100109 (Guntín) 27023A08100118 (Guntín) 27023A08100119 (Guntín) 27023A08100120 (Guntín) 27023A08100121 (Guntín) 27023A08100122 (Guntín) 27023A08100123 (Guntín)
	Oeste	27900G50200134
27900A19400092	Norte	27900A19400071 27900A19400072 27900A19400074 27900A19400076 27900A19400078
	Leste	27900A19400093
	Sur	27023A08100100 (Guntín)
	Oeste	27900A19400043



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes



Plano de:
Proposta de clasificación do monte veciñal en man común de Marco (exp)

Monte: Marco
Pertenza Veciños de da Parroquia do Burgo
Superficie proposta 6,60 Ha Municipio: Lugo

Escala: 1:10,000

Plano 1. Situación do monte


Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

O xefe de área
Lugo, 2 de outubro de 2018

Parcelas propostas

Carlos Vázquez Díaz

Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes



Plano de:
Proposta de clasificación do monte veciñal en man común de Marco (exp)

Monte: Marco
Pertenza Veciños de da Parroquia do Burgo
Superficie proposta 6,60 Ha Municipio: Lugo

Escala: 1:5,000

Plano 2. Situación do monte (catastro)

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

Carlos Vázquez Díaz

O xefe de área
Lugo, 2 de outubro de 2018

Santiago Fraga Sáenz
Enxeifeiro de Montes

Parcelas propostas